



DECLARACIÓN FINAL DO FORO DA COOPERACIÓN MUNICIPALISTA DA LUSOFONÍA “SOLIDARIEDADE ALÉN DA LINGUA”

No mundo actual, uns 780 millóns de persoas viven por baixo do limiar da pobreza, que se sitúa nos 1,90 dólares diarios. Se, alén dos ingresos económicos, temos en conta o acceso a servizos básicos como a saúde ou a educación, esta cifra increméntase noutros 500 millóns de persoas. A pobreza multidimensional dáse en todos os países, pero de xeito moi desigual, tamén a nivel interno. A estes alarmantes datos de Nacións Unidas súmase o feito de que a fame segue medrando e afecta xa a 821 millóns de persoas. Ademais, 70 millóns de persoas se viron obrigadas a abandonar os seus fogares a causa do conflito e da persecución, das que 30 millóns se consideran refuxiadas.

Son números tras os que se agochan rostros de mulleres e homes, nenas e nenos, que cada día se enfrontan a unha dura realidade. Unha realidade que, nun mundo globalizado, os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible fixados pola ONU pretenden contribuír a cambiar, materializando os Dereitos Humanos Universais proclamados hai xa 70 anos. Os ODS eríxense como unha ferramenta que nos axuda a acadar a paz, a sustentabilidade e o benestar social. Mais este camiño non o podemos facer sos. Precisamos unir vontades, estender lazos e abrir pontes. As persoas, os gobernos, e tamén os gobernos locais, da igual de onde, deberíamos ter presente que a vida do planeta e as vidas que nel habitan dependen do hoxe, dos nosos hábitos, das nosas escollas, e das nosas políticas.

É indiscutible que os gobernos locais teñen un papel chave na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Pola súa proximidade á cidadanía, poden tomar medidas con impacto real no día a día das persoas. De feito, os municipios xa viñan traballando a prol dos ODS moito antes de que estes tomaran forma, mesmo agrupándose e xerando sinerxías a través de distintas fórmulas de traballo en rede.

Estas parcerías das administracións locais poden estenderse máis alá da contorna inmediata, mesmo cruzando océanos, e cando ademais se comparte unha lingua común as vantaxes multiplícanse. Sen necesidade de intermediarios, entendémonos na forma pero tamén no fondo, nos alicerces do que significa a cooperación, o trato entre iguais e a aprendizaxe mutua, co diálogo como ponte para superar calquera obstáculo.

O ODS 17 chama precisamente a potenciar estas alianzas, construídas sobre valores compartidos e metas comúns, que sitúan ás persoas e ao planeta no centro, pois o desenvolvemento sustentable só será posible mediante a colaboración, a todos os niveis.

Representantes locais e rexionais de Brasil, Guinea-Bissau, Angola, Mozambique, Cabo Verde, São Tomé e Príncipe, Portugal e Galicia veñen de manifestar a súa vontade de contribuir a tal fin neste Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía, dando os primeiros pasos para a creación da Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS. Unha unión de pobos irmáns que tenden a man para unir esforzos, compartindo a lingua pero movidos pola solidariedade.

Búscase así formalizar os lazos de unión que xa existen entre estes países, focalizándoos cara a implementación no eido municipal da Axenda 2030 e das 169 metas que contempla. Estímase que o 65% destas metas só poderán acadarse cunha implicación directa dos gobernos rexionais e municipais, que baixo esta nova ollada deberán revisar a formulación de políticas, mellorar a coordinación temática e sectorial e impulsar novas dinámicas de gobernanza.

Os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible inclúen indicadores que entroncan coas competencias locais e contar cun espazo compartido de loita contra as desigualdades permite atopar inspiración e apoio, tanto para o seu cumprimento interno como para contribuir a facelos realidade nos lugares máis desfavorecidos.

A denominada “localización” dos ODS resulta pois imprescindible para erradicar a pobreza, protexer o planeta e asegurar a prosperidade para todas as persoas. Os desafíos son grandes, pero as potencialidades resultan aínda maiores. E contar cunha lingua e unha cultura compartidas fai que esas fortalezas medren aínda máis.

Nun mundo convulso, en permanente cambio, facemos un chamado para que os municipios dos países de lingua oficial portuguesa e as entidades que os representan se unan a esta declaración, co propósito de achegarnos e coñecernos aínda máis, para crear unha longa e verdadeira unión entre os pobos na consecución dos ODS.

Santiago de Compostela, a 13 de novembro de 2019.